

CARLOS JASPE CANOSA

O pensamento

d'un Campesino

Precio: 25 céntimos


1.^a Edición


LA CORUÑA

Tipográfica Obrera Coruñesa


3 — Socorro — 3

1913






Advertencia



Pr'os lectores d' esta obriña que me fagan 'o favor de desemular algunh'a falta q' ohubere n'esta obra, por ser ó autor un traballador d'o campo que non tuvo estudios.

Romátase a obra con un «Viva» os traballadores todos en xeneral e vivan tamén os ricos de corazón nobre que, con ollos de piedade, reparan e favorecen as miserias d'a humanidade.

Carlos Jaspe Canosa.



A REBOLUCION DO CEO

No reinado d'ó rey Tito,
Meito antes de Tolomeo,
Baixo nos dí un escricto,
Revlucionouse o ceo.

Antes d'a rebolución,
Estaban os tempos moy bós,
Veunos logo a pirdición,
Todo por culpa de Dios.

Cando era pequeniño,
Xa dicía San Mateo:
Qu'ó demo era un anxeliño
Que levou Dios pr'ó ceo.

Mais o demo foi medrando,
Conocido por Luzbel:
Quixo a Dios quitarlle o mando
E Dios botouno for'a él.

Dille Dios enfericado,
O demo d'esta maneira:
¡Vaite d'ahí mal nacido!
Vaite pr'ó pe da racheira.

Vend'a Dios tan enfadado,
Respondeull'ó demo así:
¡Cal'a boca, condenado!
¿Todo queres mandar tí?

—¡Vaite d'ahí, cara fea!!
¿Qu'este repoñer a mín?
¡Es de perversa ralea!
¿Seiqu'es fillo de Caín?

—Bótasme o fog'aterno—
—Dille o demo xa doente.—
De cabeza o Inferno,
Eiche botar tod'a xente.

—¡Vai d'ahí casta roín!—
San Pedro que ch'abra a porta;
Tí non me botes a mín,
Pol'os demais non me importa.

Mala ley foi a de Dios,
Qu'ó demo era malo xo sabía,
E botóunolo a nos,
Qu'él consigo no quería

Dille o demo antes de sir
Contra Dios encomodado:
"S'ó mundo volves a ir
Heite correr c'un forcado,."

—¡Liscate d'ahí Luzbell!
Qu'es un tipo revoltoso,
Se non, chamó a San Miguel,
E prántache o pé no pescozo.

Salta o demo d'a gloria, tiscando nos
(dentes,

De cara os viventes d'a vida mortal;
Xurándoll'a Dios queimar todas xentes
N'ó lume candente d'o fogo central.

Vai c'os ollos seguindo a inmensa
(extensión;

Ven de cara a terra voando lixeiro.
E dentón din os cregos: ¡Ei ven o cocón!
Qu'a facer os burros focarnos diñeiro.

Desd'entón est'á probeza perdida,
Ven o mundo sólo a padecer;
Traballiños de cote n'a vida,
Lum'aterno despois de morrer.

Dendalí perdomin'ó terror.
And'ó demo a cabalo d'ó vento;
Vai voando, cal aviador,
Espantando os de pouco talento.

Se o perdón que d'ó ceo agardamos,
O Mesías se nega a mandar,
Quedamos como x'astábamos:
Vamos, pois, c'a terra a liquidar.

Non temamos a santos nin demos,
Se e qu'a gloria sabemos buscar,
Canto a terra ll'en vida comemos,
N'a morte co coiro llo vamos pagar.

S'ó escrabo pretende salvarse,
Pois que todo s'alcanza c'a unión,
Asociarse, escrabos, asociarse,
Serés donos de toda extensión.

Se sólo agardades a groria de Dios,
Y'ó sono torpe queredes siguir,
Reinará de cote o mal pr'a vos,
E mais pr'a xente qu'inda está por vir.

S'ó que dín os cregos queremos creer,
E siguir queremos os sendeiros tortos,
Nunca groria podremos ter,
Felices seremos cando faleñ os mortos

S'ó escrabo se quer redimir,
Que e a arpa que debe entoar,
Mais so escrabo ensiste en dormir,
Sua groria non pode atopar.

Esa groria que buscamos nos,
Xa vos digo, por primeira vez:
"Non s'alcanza con pidirl-la Dios
Que s'arranja d'a mau d'ó burgués".

Se d'a mau d'ó burgués,
A encelsa groria queres arranjar,
Xa vos volvo a dicir outra vez:
"Escrabos d'a vida, haíse qu'a sociar".

O burgués e-vos un vicho bravo,
De raza roedora cal un rauxarafia;
C'anto mais burro resulte o escrabo,
Mais de cote o burgués o engaña.

Antes qu'a morte mate,
Únete, traballador,
Con eso tomarán mate
Os d'ó orden roedor.

A protesta de Xan d'ó Val-o contra ô Inverno

Protestaba Xan d'ó Val-o,
Contr'ó inverno escariote;
Dicía que non era malo
Que durara o bran de cote.

Esto dicía en Montrove,
Pol-o Santo Xullán,
Porque lle chovía, o probe,
No unllar e mais no chan.

Era de noite e nevaba
E zoaba o vendabal,
Y-o probe vello choraba
As coraxes d'ó seu mal.

N'unhas pinicas deitado,
Cochado c'a manta rota;
D'as bufarras d'ó tellado,
Vifalle a neve escariota.

Rotas d'ó tellado as tellas.
E-a rípia escagallada,
A enforcárselle as guedellas,
Vifí'a neve descarada.

Repuxo o vello chorando,
Sin folgos pr'a xemer:
Pr'a ser orfo e penando,
E-inda vale mais morrer.

De nevar non esquecía;
Viñ'ó vento enferecido,
Y-o probe vello dicía:
Escusei d'haber nacido.

Foise pond'ó d'ó través;
Com-a friaxe era tanta,
Escapabánselle os pés
Pol-os buratos d'a manta.

Tete manta facareña,
¡Ail cantos buratos tés:
N-ai disgracia que non vesía
Facerll'a guerra a vellés.

O goberno d'a nación
Xa non bota mau de nos
¿Com'él ha de ser bon?
Se bon tampouco n-e Dios.

C'os ricos adifeirados,
Reparte toda extensión;
Deix'os probes de serdados
Tiradiños o rincón.

Excramaba entre do-ores:
Mal goberno e o de Dios,
Tanto ben pr'os señores
E tanto mal pr'a nos.

¡Vállam'a Virxen d'o Carme,
Como eu hei de facer
Sin ter lume en que quentarme
Nin bocado que comer!

Sól-o teño auga n-a fonte,
Que-e a que Dios me concede;
Xa non comín dendes donte
Y-o meu corpo auga non pede.

O vello choroso
Rusmou pr'a sí:
O inforno noso
Xo temos aquí.

¡Que vida roin,
O xudas me leve
Dios volva por min
Que morro n-a neve.

Non sei a qu'a-quí viñemos
Os escrabos d'o poder,
P'as dilicias que nos temos,
Escusamos de nacer.

Anque empeños non metín
Pr'a vir a esta vida,
¡Muy disgraciado nacín
Miña maíña quirida!

A xente de casa rica
Dorme en seu colchón de lá,
Y-eu durmindo n-a pinica,
De cote en necesidá.

Comen carne e beben viño
E pasea aquel que pode,
Y-eu sofrendo aquí solliño,
Cramo a Dios e no m'a code.

Xa non vale qu'a Dios crame
Nin a Virxen d'o Pilar;
Morro aquí con frío e fame
Sin poderme axuxear.

Nunca matéi nin roubéi,
Vivin honrado entr'a xente:
Non obra aquí Dios con lei,
Castigar a un inocente.

S'os escrabos d'o porvir,
Non buscan outra millora,
De vellos han de sufrir
O qu'eu estou sofrendo agora.

En trances tan amargosos,
Dixo, tritando co frío:
Recóllam'a terra os osos,
Qu'a carne xa me fuxiu

Sol-o estou ¡que mala sortel
No me val'alma nacida,
Teño solo preto a morte
Que me quer roubar a vida.

Esta si qu'e triste vida,
Dí loquiño por comer:
Miña maíña quirida,
Aviciñase o morrer.

Mais o velio bota un terno
Contr'o tempo encomodado:
¡Mal raxo parta o inverno!
N'ai paraxe en ningún lado.

Cando ainda me vivía,
Xa dicía meu hirmau:
Unh'a arte qu'él sabía
Pr'a que sempre fose brau.

C'unha corda potente
Pr'a qu'o brau quede parado:
Cando estea o sol ofrente,
Poñerll'o grobo amarrado.

Anque algo a corda afroxé,
Hay quen a dicir s'a treve:
Que dal-í o brau non foxe,
Con tal c'a corda non crebe.

A cousa, com'él dicía,
Non era mala de todo,
Sólo que xa non podía
Poñerse a facel o solo.

Subirse a unha alta escada,
C'unha corda pouco mol,
Unh-a persona arriscada
E botarll-o lazo o sol.

Xa qu'o sol e astro quedo
E n-a vóveda s'encerra;
Un aganchador sin medo,
Compre quell'amarre a terra.

Siría un vivir sin pena,
Siría moita alegría:
En tod'a Patria Pequena,
Ningún vello tritaría.

Podía marchars'a lúa
Pr'o mar d'a Oceania;
Non era precisa a luz sua,
Posto que sempre era día.

Cantaría sempre o cuco
E tamén a ran n-o riu,
E ningún vello caduco
Mais choraría c'o iriu.

Non facía falta o gas
N-a Cruña nin no Ferrol,
Y-os cuitadiños d'os "cas",
De cote ll-es dába o sol.

N-o seu palleiro deitados,
Durmind'a paparrandona,
Sin ser nunc'atormentados
Pol-a xeadá birbona

Saltarían os cabritos, os cabritos
Coa barriguña chea,
E dentón, os siñoritos,
Non fuxirían d'aldea.

Mandarían os filliños
As escolas d'a cibdá,
Pr'o eles, de viciños,
Quedarían por acá.

Vállanos Dios, que dilicia
Pr'a nosoutros sería,
Coller uvas en Galicia,
Antes c'os d'Andalucía.

S'esto pasara aquí
E si fixera de prisa,
O mesmo Rey, en Madrí,
Ivanos a ter cobiza.

Er'o crima sempre sano,
Sempre o chau estaría enxoito;
En toda roda d'o ano
Daría a terriña froito.

N-este noso emisfeiro,
N-unc'o sol estaría posto;
Mallariáse en Xaneiro
Com-a si fora en Agosto.

Podían as rapaciñas,
Falande c'os seus quiridos,
Sentadas pol-os cortiñas,
Contar contos os oídos

¡Ay Xexúsl quen-as viría,
Saltando pol-os braños,
Como fríu, xa non facía,
Quentiñas com-a rixós.

En vei-as n-a corta saya,
N'os taríamos gustosos
Con qu'o home vell vaya,
Sempre os seus ollos son mozos.

Hastra'o demo non podía
Levar almas que morresen.
Como sempre era de día
Temería que-o prendesen.

S' houbera persona viva
Que fixer ese labor
Irámos, cos-d' arriba,
A ver a noso Señor.

Si esto quixera Dios,
Muy ben íbamos a'star.
Y-os qu' están c'os pes pra nos
Com' iban a tropezar.

Pr'a nos tantas duzuras,
Sin ter en conta, primeiro,
Que quedaban as escuras
Tod'os do outro emisferio,

Dirían con descontento,
¿Que foi o qu' a-quí pasóu?
¡mal raxo parta o invento
E máis a quen n-o inventóu!

CHAMANDO OS NOSOS HIRMAUS D' AMÉRICA

Vinde hirmaus con alegría,
Deixá esa terra quedar,
C'al pombas d'alexanía
Retornan o seu pombar.

Vind'acá, amigos nosos,
Vinde logo e sin tardar:
Qu'astros campos xubilosos,
O vervos, s'han d'alegrar.

Vind'os ricos campos ver,
Que x'asoma a primaveira,
Y-a terra que vos viu nacer,
Espérabos galloufeira.


Esta e a terra da dilicia
N-esa está a escravitú,
Vind' a nosa Galicia
Qu'os enfermos da saú.

Trocastés esta dilicia
E fostes a terra estraña,
Volvé de novo a Galicia
Que e a gloria de España.

Vinde vos prendas quiridas,
Vind' axiña e non tardés,
Qu'o bálsamo das vosas fridas
N-a Galicia encontrarés,

X'o sol brila n'alta serra,
A nos dirix'a mirada;
Vinde hirmáus a nosa terra
Que non vos ha de faltar nada

Deixá os americanos,
Que se queden por ahí;
Que horizontes máis sanos
Témolos nos por aquí.



Faltan documentos (p axinas,
cadernos...)
ISO 9878/1990

Ben-e-as maus que te fixeron,
Grande foi o seu poder;
Alumache os que morreron,
Os vivos i-os qu'an nacer.

Ven policromo luceiro:
Os teus ollos son diamante
Eres faro quiandeiro
Pr'o probe camiñante.

Salva o vello a vida tua,
E pon pes o seu camiño,
Dándoll-e gracias a lúa
Y-o cremente salgueiriño.

O'vell'anque lonx'estaba,
Bicóu o astro luar,
En ver que ll'alomeaba
Pr'a ir o seu lugar.

Dios e mail-o traballador

Moitos dín que Dios nos dá
E non debe ser así;
Pr'a ver si esto e verdá
Fagámol-a prob'aquí.

Deix'o campo o labrador;
Ces'a muller i-o home;
Que dea noso Señor;
¿Habel'a xente que come?

Cant'a monxa con fervor;
Que berre com'unha loca;
Que par'o traballador,
Haber_o que dan de "moca",

Send'o Papa home santo
E de Dios tan camarada,
Xa debe d'estar o tanto
Que sin traballo n'ai nada.

Nonll-e val ser o Pastor
De tod'a lifaxe humana,
Se falt'o traballador,
Tamén morre co-a gana.

Que berr'o frade de bravo,
Que'ntone o seu parsamique;
Que falt'o labor do escrabo,
Veredel-o mund'a pique.

Que padriquen, ben sarmós,
Os d'a negreira sotana;
Haber que ll-es bota Dios
C'ando adoezan c'a gana.

O millonario afanoso,
Anqu'esto en conta non tome,
Se falt'otraball-o noso,
El'odeñeiro n'o come.

Sendo, d'o capital nos,
Uneco refuxo amante;
Tod'as gracias dan a Dios
E nos cheiramosll-es diante.

S'averdá ha de valer
Que dig'oburgués fai falla;
Eu teño ben que comer,
Gracias a que n'o traballa.

O PENSAMENTO LIBRE

O pensamento e libre;
Unión traballador,
Sacudir, s'e pusibre,
O xugo exprotador.

Escrabo sin cesar,
Sofrendo fam'e friu;
Unido has de trunfar
Contr'o burgués imp'u.

Unirnos e faremos
D'o Mund'unha nación;
E dentón, non seremos,
Mais carne de cañón.

Levemos frente'erguida,
Escrabos d'o poder;

Temos un dreit'a vida,
N'o deixemos perder.

S'as cadeas non rompemos
D'o capital c'a unión,
Nos vítemas seremos
D'a allea ambición.

S'o fill-o morr'o pai,
N'os campos d'a batalla,
E porque unión non hai,
Así como fai falla.

Somos fill-os de Dios
E d'o pobo lial,
E non paguemos nos
Culpas d'o capital.

O REI E MÁIL-O SABIO

Pode o rei facel-o a xente,
Anque ser rei non merezca,
Máis o sabio intelixente
Fáin-o a natureza.

O par d'o tempo que corre,
E d'a morte, qu'atrás non queda,
Pod'a un rey sabio, que morre,
Qu'outro burro ll-e suceda.

Mais d'o sabio camb'asorte,
Pois que pr'a morrer nace:
Se contra él ven'amorte,
N'ai burro qu'oremprace.

Faise rei a un perdulario,
S'a xente así o despón;
Mais o sabio, d'o contrario,
Xa nace con aquel "dón".

O sabio sab'o d'a gora,
O d'antes e d'o futuro;
Mas o rei todo iñora,
C'adrándoll-e de ser burro.

Ser rei e cousa sabida
Que defecultá non tén;
Mais o sabio fai-n'a vida,
O que non sabe ningún.

Dios e mai-lo soldado

Dios morto pol-o pecado,
Merece igual galardón
O mesmo q'eu soldado,
Que morre pol-a nación.

Por morrer pol-o pecado,
Tan chorado d'os demais,
E pol-o probe soldado,
Choran, tan sólo, seus pais.

A CADELIÑA DOENTE

N-o Monte auga vertente;
O San Vicente d'Elviña,
Iba un fato de xente
Tras d'unha cadelinha.

A xente o berrar, xemía
Vend'a cadela de frente,
A grandes berros dicía:
¡¡Dádelle!! ¡Qué vai doente!

A fundación d'o Inferno

Nos tempos d'o Pai Aterno,
Antes de nacer Tubal,
Puxeron nome d'Inferno
O qu'oxe e fogo central.

Os padriños, d'o Inferno,
Eran cregos e corcobas;
Infundiron med'aterno
As xentíñas que son bobas.

Agora xa menos mal,
Que x'axente se decata:
Sabe que fogo central,
E o inferno de que se trata.

Moitos síguin!!-es creendo
O qu'o crero ll-es padrica,
Outros xa vamos sabendo
Ond'ozapato nos pica.

Desd'o máis torpe o máis curro,
Cada c'al a mort'agarda:
N'este mundo aquel qu'e burro,
Sobra que'n ll-e poñ'albarda.

O inferno, sólo existe,
Pr'os probes que traballamos;
Qu'o rico, que come e viste,
Seu inferno ll'aforramos.

Se Dios e xefe, supremo,
De todo c'ant'hai o frente,
Nonll-a consentir o demo,
Vir o mundo a levar xente.

Dios venceu a Satanás;
Sendo pois n'a cruz cravado:
¿Cómo ven o Demo a trás,
E fóxell-e c'o seu gado?

Ou e o demo algún torto,
Deses de marca maor,
Que venzas batallas de morto
Com-o Cid Campeador.

Ese demo e un coçón
Qu'ó crero pux'ta probeza,
Pr'a que pida perdón,
Anquel-la morte merezca.

D'és qu'as bendas deron luz,
Todos temos entendido,
Qu'ó ser morto Dios n'a Cruz,
O demo quedou vencido.

Xa debe ter entendido
Todo ciudadano honrado,
Qu'ó soldado de vencido,
Non guerrea en ningún lado.

Dedicatoria á Pardiñas

Pardiñas con frente erguida,
Dió fin a su mala suerte
Prefirió perder la vida
Por darle a otro la muerte.

Mas por una sola muerte
Tanto duelo en la Nación
¡Cuántos mueren de igual suerte
Y no llaman la atención!

Sólo en una muerte se encierra
El hecho del homicida
¡Cuántos mueren en la guerra
Que estiman igual su vida!

Si el morir dió Dios por ley,
Siendo la muerte traviesa,
Cada varón vale un rey
Y cada hembra una princesa.

Muere el rey, siente la muerte,
Por ser la muerte un abismo;
Muere el mendigo sin suerte
Y teme a la "muerte," lo mismo.

No debe matarse al Rey,
Ya sea moro o cristiano;
Como el matar no es de ley,
Igual que a otro ser humano,
Debe respetarse al Rey.

No mates es ley divina,
Hija del Dios de Verdad;
Todo el hombre que asesina,
Comete barbaridad.

A los que toca el mandar
Y gobiernan en la tierra,
Viendo que es malo el matar,
Deben suprimir la guerra.

Por tan sola una batalla,
De aquellos, tristes lugares,
Horrenda muerte se halla
Y mueren gentes a millares.

Sabemos, pues, que la guerra
Es hija de la ambición;
Los vivientes, en la tierra,
Deben vivir en unión.

El dinero es cosa vista,
Que es de los ricos delicia;
Mientras el dinero exista,
La justicia es injusticia.

Cuando un rico mata a un pobre
Juzga la justicia al tuerto;
Aunque la razón le sobre,
La culpa la lleva el muerto.

Si el pobre con intención,
Tira al rico y no le da,
Lo reducen a prisión;
Para él no hay caridad.

Ya que hay justicia humana
Para castigar el mal,

¿Cómo con conciencia sana
No juzga a todos igual?

En la historia hay embusteros
Todos lo tenemos visto,
Que por los treinta dineros
Vendieron a Jesucristo.

Agonia de Curros

Ceo avolto, noit'escura,
De tromentas percursora,
Cando o trago d'amargura,
~ noso poeta devora.

Di ó poeta: a Dios acordo
Co mal que meu peito encerra,
X'a que respirar non podo,
Os aires d'a miña terra.

¡Ay Galicia! d'ame a mao,
¡Cant'os teus aires priciso!
¡Xa non trepo máis o chau
D'aquel meigo paraíso!

¡Ay, Galicia! qu'en puidera,
Teus atriños respirar:
Si Dibs teme aquí trouxera,
Ibas m'amorte a tornar.

Van mos áis en dereución
A miña terra quitida,
Núbraseme o corazón,
E baime fuxindo a vida.

Na ferangonía estáo,
Na hora d'a negra sorte,
Foi Galicia quen me dou,
E n' Habana alcontro a morte.

En tí morro, Habana, engrata,
D' estranxeiros asesina,

A morte, q' en tí me mata,
E un pruduto do teu crime.

De vidas extrajularia,
Debemos chamarche así,
Porque, con risa falsaria,
Riste d'o que morre aquí.

Cando véu Colón buscate,
Loitando c'as ondas moles,
Véu a descubril'a arte
de matar ós españoles.

Des que véu Colón buscarte,
O través d'o ancho mar,
Poucos vimos visitarte,
que non leven que rascar.

Terra onde neve non caí,
Nin xea pol-o inverno,
O probe qu'a ela vai,
Sin morrer topa o inferno.

En tempo qu'o mundo veu,
Rindiche a España homenaxe;
Agora, xa te perdeu
Vaya o demo n-a bagaxe.

S'a España ha volver aquí,
Tesll-e que pidir perdón;
Qu'a España valse sin tí,
E tí sin-a España non.

¡Ay, Galicia! quen pudera
Ir a tí, cal pensamento,
¡Que contentiño che dera
O meu derredeiro alento!

Cóbreme unha nube espesa,
Mátame a frebe ruín;
¡A Virxen me favoreza
E Dios teña d-o de mín!

Celanova, terra miña,
Ond'a primeira luz vin;
Ven m'amorte, cal rapaña,
Que Dios s'a corde de mín.

Trago fero d'amargura,
¡Virxen Santa d'o Pilar!
Ando d'alento en percura
E d'él no me podo fatar.

Xa ven o trago d'a morte
As desdichas sementando,
Pr'a mín a negra sorte,

Ven de presa e está chegando.

Salín, en busca de sorte,
D'a Galicia con saú,
E vin a tropezar c'a morte,
N'este país fero e crú.

O teu airiño dá gana,
Galicia, miña azucena
E non o d'a treidora Habana,
Qu'a miña vida envenena.

¡Adiós, Galicia quirida!
¡Adiós tumba de meus pais!
¡Adiós! que me foxe a vida,
¡Adiós pr'a nunca mais!!!

Entr'a queixa i-o lamento,
O Poeta agonizou;
Car'a nos, c'o pensamento,
Os mares atravesou,
Y-o seu derradeiro alento
A Galicia ll'entregou.

A Cruña e máis Curros

A Cruña chea d'honor,
E con honradez compreta,
Fai festas, d'o cal millor,
O seu elustre poeta.


Aquel-a gloria gallega,
Que pr'Habana marchou,
A vida a morte ll'entrega,
E mort'o seu país chegou,


Honro a tí, cibdá quirida,
Curros a'scuitart'acode:

Qu'a morte, os inmortás d'a vida,
De todo matar non pode.

Rindamos o poeta culto,
Qu'he albre que froita dou,
Está o seu nome insepulto,
Anque o corpo s'enterrou.

Lonxe de nos morréu triste,
N'a engrata cibdá d'Habana,
S'a gloria de Dios n'ax'iste,
Seall'a terra liviana.





REAL ACADEMIA
GALEGA

A. CORUÑA

F13273

Biblioteca